



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico Aplicadas	Código	750G02132		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuadrimestre	Cuarto	Obrigatoria	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos	O estudante terá cursado a materia: Bases para a interpretación do coñecemento científico.				
Departamento	Ciencias da Saúde				
Coordinación	Pértega Díaz, Sonia	Correo electrónico	s.pertega@udc.es		
Profesorado	Fernández Basanta, Sara Pértega Díaz, Sonia Seoane Pillado, María Teresa Sobrido Prieto, María	Correo electrónico	sara.fbasanta@udc.es s.pertega@udc.es maria.teresa.seoane.pillado@udc.es maria.sobrido@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
Descrición xeral	A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico Aplicadas consolida os elementos metodolóxicos que necesitan os/as estudantes para poder deseñar e levar a cabo estudos de investigación cuantitativa ou cualitativa no ámbito da Podoloxía e en xeral das Ciencias da Saúde, así como adquirir a capacidade de lectura crítica da información científica da súa disciplina. En particular, esta materia senta as bases metodolóxicas necesarias de cara á elaboración do TFG.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Plantexar e formular preguntas de investigación relevantes	A139	B24 B26 B27 B35	C9 C16
Aplicar os elementos necesarios para a realización dun estudo clínico-epidemiolóxico	A139	B24 B25 B26 B27 B35 B39	C11 C16 C17
Utilizar métodos estatísticos para a análise de datos en estudos da área de Ciencias da Saúde. Xestión de software específico.	A139	B25 B26 B27 B35 B39	C11 C13 C16



Interpretar, analizar, sintetizar e criticar resultados de investigación e publicacións relacionadas coa especialidade.	A139	B24 B25 B26 B27 B35 B36 B39	
Identificar métodos de investigación cualitativa para o deseño dun traballo de investigación cualitativa: fenomenoloxía, teoría fundamentada, método etnográfico, investigación acción, metasíntese e metaetnografía. Diseñar un proxecto de investigación utilizando metodoloxía cualitativa	A139	B24 B25 B26 B27 B35 B36 B39	C16 C17
Coñecer os distintos estudos da información científica e a estrutura requirida en cada un deles.	A139	B24 B26 B27 B35 B36	C16
Adquirir a capacidade de lectura crítica e saber avaliar a información científica, a través das ferramentas máis habituais recoñecidas pola comunidade científica.	A139	B24 B25 B26 B27 B35 B36	C9 C10 C16
Saber manexar as bases de datos nacionais e internacionais e outros sistemas de busca científica en ciencias da saúde.	A139	B25 B27 B35	C9 C10 C11 C13 C16
Saber comunicar resultados científicos en foros profesionais tanto oralmente como por escrito.	A139	B24 B25 B26 B27 B35 B39	C9 C10 C16

Contidos	
Temas	Subtemas
BÚSQUEDA DA INFORMACIÓN CIENTÍFICA	- Busca de información e elaboración dunha adecuada estratexia de busca bibliográfica. - Avaliación da calidade da investigación Listas de verificación



PRÁCTICA DA METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño de proxectos de investigación en Ciencias da Saúde: <ul style="list-style-type: none"> ?Estrutura xeral dun protocolo de investigación. ?Pertinencia e viabilidade dun estudo. ?Características dos principais tipos de estudos clínico-epidemiolóxicos ?Aspectos éticos e legais ?Limitacións do estudo. - Métodos estatísticos aplicados: <ul style="list-style-type: none"> ?Selección mostral ?Xustificación do tamaño da mostra ?Redacción do plan de análise estatística nun proxecto de investigación: análise descritivo e inferencial
PRÁCTICA DA METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Métodos cualitativos no deseño dun estudo de investigación. <ul style="list-style-type: none"> ?Estudos empíricos ?Estudos de revisión cualitativos - Proceso e fases da investigación cualitativa <ul style="list-style-type: none"> ?Fases iniciais do deseño da investigación ?Métodos de recollidas de datos ?Estratexias de análise ?Calidade e rigor metodolóxico
COMUNICACIÓN CIENTÍFICA	- Comunicación de resultados científicos: oral e escrita

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A139 B24 B25 B26 B27 B35 B36 B39 C9 C10 C11 C13 C16 C17	9	24	33
Proba obxectiva	A139 B24 B25 B26 B27 B35 B36 B39 C9 C10 C11 C13 C16 C17	4	10	14
Sesión maxistral	A139 B24 B25 B26 B27 B35 B36 B39 C9 C13 C16 C17	14	14	28
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para favorecer a aprendizaxe autónoma do alumnado, baixo a tutela do profesorado. Consiste na proposta de traballos prácticos que deberán resolverse co apoio das docentes responsables da materia.
Proba obxectiva	Proba que pode integrar preguntas test de resposta múltiple, resposta breve e/ou solución de exercicios e interpretación de casos prácticos sobre os contidos desenvolto na materia
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción de preguntas e exercicios prácticos dirixidos aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>A atención personalizada relacionada con estas metodoloxías pretende orientar ao alumnado na realización dos traballos propostos e no uso das tecnoloxías da información e da comunicación. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben presencialmente ou en liña a través de Teams.</p> <p>Utilizarase análoga metodoloxía para o alumnado a tempo parcial ou dispensa académica de asistencia</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A139 B24 B25 B26 B27 B35 B36 B39 C9 C10 C11 C13 C16 C17	Traballos prácticos nos que se leven á práctica os contidos traballados nas clases co apoio das docentes	50
Proba obxectiva	A139 B24 B25 B26 B27 B35 B36 B39 C9 C10 C11 C13 C16 C17	Proba escrita que se realizará na data oficial de exame da materia.	50

Observacións avaliación



A materia BASES PARA A INTERPRETACIÓN DO COÑECEMENTO CIENTÍFICO APLICADAS CONSTA DE 3 bloques:

Busca de

Información e Comunicación Científica. (1 ECT). (Prof. María Sobrido Prieto)

Metodoloxía

da Investigación Cuantitativa. (1 ECT). (Prof. María Teresa Seoane Pillado / Prof. Sonia Pértega Díaz)

Metodoloxía

da Investigación Cualitativa. (1 ECT). (Prof. Sara Fernández Basanta)

A materia será avaliada globalmente de acordo

coas porcentaxes seguintes:

i) Proba obxectiva (50%

da cualificación):

Realizarase unha proba escrita na data oficial do exame da materia, que poderá constar de preguntas test, preguntas de resposta breve e/ou exercicios de cálculo relacionados cos contidos teóricos, as lecturas propostas e os problemas expostos no desenvolvemento da materia. Calificarase de 0 a 10 puntos, sendo imprescindible obter 5 puntos ou máis para superar a materia.

ii) Traballos prácticos (50% da

cualificación): Proporase un traballo

práctico que deberá resolverse en grupos pequenos. Será cualificado de forma independente con respecto ós contidos de cada un dos tres bloques, de 0 a 10 puntos, sendo imprescindible obter 5 puntos ou máis no traballo proposto en cada bloque para superar a materia. A cualificación final nesta metodoloxía será o promedio das cualificacións das tres partes das que constará o traballo final.

Para superar a materia será

necesario ter aprobada a proba obxectiva, así como cada

un dos traballos prácticos que se pidan como parte da avaliación continua. No

caso de non acadar os 5 puntos na proba obxectiva, ou no traballo práctico en

algún dos tres bloques, a nota que figurará na acta será a media ponderada segundo as porcentaxes descritas, se esta é inferior a 5, ou en caso contrario constará unha cualificación de 4.

Por limitacións da plataforma, o contido

deste punto é orientativo. Nos primeiros días de clase as docentes comentarán detalladamente o proceso de avaliación.

MATRÍCULA DE HONRA

Poderán optar a Matrícula de Honra o alumnado

coas cualificacións máis elevadas cuxa nota supere os 9 puntos. As

docentes da materia poderán considerar criterios adicionais en caso de igualdade

de condicións e tendo máis aspirantes que matrículas. Os aspirantes poderán ser

convocados a unha proba voluntaria obxectiva para asignar matrícula de honra ás

mellores cualificacións

NON PRESENTADO

A cualificación de Non Presentado corresponderalle

á/o alumna/ou que non se presente á proba obxectiva de avaliación.

ALUMNADO CON RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA:

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

SEGUNDA OPORTUNIDADE



O sistema de avaliación

descrito aplicará ao alumnado de 1ª matrícula tanto en 1ª como en 2ª oportunidade. Na 2ª oportunidade manteranse aprobados os traballos prácticos que se teñan superados na 1ª oportunidade dentro da mesma convocatoria. De igual modo, se é o caso, manterase o aprobado da proba obxectiva entre oportunidades da mesma convocatoria.

En 2ª oportunidade, poderase realizar o traballo práctico de forma individual, logo da autorización polas docentes da materia.

SEGUNDA CONVOCATORIA E SUCESIVAS

O alumnado de segunda convocatoria e

sucesivas deberá poñerse en contacto coas profesoras ó inicio do cuadrimestre. O

sistema de avaliación descrito aplicará ó alumnado en 2ª matrícula ou

posteriores. No caso do alumnado de segunda convocatoria e sucesivas, non se

conservarán as cualificacións obtidas en cursos anteriores, podendo realizarse o traballo práctico de forma individual, logo de autorización polas docentes da materia.

OPORTUNIDADE ADIANTADA

Os criterios son os establecidos nas

"Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario", artigo 19.

SICUE, ERASMUS e BILATERAL

Aplicarase o mesmo sistema de avaliación que

o descrito para o alumnado de convocatoria ordinaria.

FRAUDE



A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA bibliografía necesaria será ofrecida a través da plataforma Moodle, xunto coa impartición de cada un dos temas correspondentes. Como referencias xerais recoméndase a consulta dos seguintes textos: Argimón Pallás JM, Jiménez Villa J. Métodos de investigación clínica y epidemiológica (5ª ed.). Barcelona: Elsevier, 2019. Hulley SB, Cummings SR, Browner WS, Grady D, Herast N, Newman TB. Designing clinical research (2nd ed.) Lippincott Williams & Wilkins. Fletcher RH, Fletcher SW (2007). Epidemiología Clínica (4ª ed.). Lippincott Williams & Wilkins. Altman DG (1991) Practical statistics for medical research . Monographs on Statistics and Applied Probability (first ed.). Chapman & Hall Metodología de la Investigación (Fisterra.com): <a 238="" 45="" 538="" 554"="" href="https://www.fisterra.com/formacion/metodologia-investigacion/itinerario de Investigación e Innovación Biosanitaria (http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=60481) (http://www.youtube.com/user/ltinerariofegas) METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA Beck, C. T. (2019). Introduction to phenomenology: Focus on methodology. SAGE Publications Elliott, R., & Timulak, L. (2021). Essentials of descriptive-interpretive qualitative research: a generic approach. American Psychological Association. Fine, M., & Torre, M. E. (2021). Essentials of critical participatory action research. American Psychological Association. Flick, U. (Ed.). (2017). The Sage handbook of qualitative data collection. Sage Flick, U. (2018). Doing grounded theory (Vol. 9). Sage. Hennink, M., Hutter, I., & Bailey, A. (2020). Qualitative research methods. Sage. Houser, J. (2016). Nursing Research: Reading, Using and Creating Evidence: Reading, Using and Creating Evidence. Jones & Bartlett Learning. King, N., Horrocks, C., & Brooks, J. (2018). Interviews in qualitative research. Sage. Levitt, H. M. (2021). Essentials of critical-constructivist grounded theory research. American Psychological Association. Liamputtong, P. (2010). Research methods in health: foundations for evidence-based practice. Smith, J. A., & Nizza, I. E. (2022). Essentials of interpretative phenomenological analysis. American Psychological Association. Tappen, R. M. (2022). Advanced nursing research: From theory to practice. Jones & Bartlett Learning. Terry, G., & Hayfield, N. (2021). Essentials of thematic analysis. American Psychological Association. BUSCA DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN CIENTÍFICA bibliografía necesaria será ofrecida a través da plataforma Moodle, xunto coa impartición de cada un dos temas correspondentes.</p> </td> </tr> <tr> <td data-bbox="> Bibliografía complementaria </p>	
----------------------------	---	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico/750G02108

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías